Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	Página	14/41	



3410.76200	Deportes, Transferencias de capital a Concellos	70.000,00 €
4190.46200	Medio Rural, Transferencias correntes a Concellos	15.000,00 €
4190.76200	Medio Rural, Transferencias de capital a Concellos	418.000,00 €
4320.48900	Turismo, Transferencias correntes a entidades sen fins de lucro	50.000,00 €
9250.48900	Atención aos Cidadáns, Transferencias correntes a entidades sen fins de lucro	50.000,00 €
9250.789	Atención aos Cidadáns, Transferencias de capital a entidades sen fins de lucro	200.000,00 €
9420.46200	Transferencias a Concellos, Transferencias correntes a Concellos	300.000,00 €
9420.76200	Transferencias a Concellos, Transferencias de capital a Concellos	2.089.505,60 €
TOTAL		4.350.830,03 €

## FINANCIAMENTO:

Concepto Ingresos	Denominación	Importes
870.00	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	4.350.830,03 €

2) Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

..."

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. Luis Fernández Guitián e D. Francisco Javier Balado Teijeiro, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ao Pleno a súa aprobación".

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240326&punto=6>

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	Fecha y Hora	16/04/2024 10:55:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	Página	15/41



**6.- PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TRAMO DA VÍA PROVINCIAL LU-P-3301 A FAVOR DO CONCELLO DE MONTERROSO.**

Por parte do Sr. Presidente proponse, dado que se trata de asuntos de contido similar, o debate conxunto e votación separada dos puntos números seis e sete da orde do día, sendo aprobada a dita proposta por tódolos Grupos Políticos da Corporación.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta do señor deputado delegado do Servizo de Vías e Obras, do seguinte teor:


“O Concello de Monterroso presenta no rexistro provincial o 09.11.2023 o traslado do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Monterroso na sesión ordinaria celebrada o 26.10.2023 contido na certificación expedida pola Secretaria Interventora do Concello en relación coa moción do PSDG-PSOE relativa a solicitude a Deputación Provincial de Lugo para a transferencia da LU-P-3301 a favor do Concello de Monterroso dende o km 0 ata o km 0,2 aproximadamente co, entre outro, o seguinte teor:

“Solicitar á Excm. Deputación Provincial de Lugo a transferencia ao Concello de Monterroso a titularidade da LU-P-3301 dende o km 0 ata o km 0,2 aproximadamente. É dicir, o treito comprendido da Avenida do Marco dende a intersección da Avenida de Lugo ata a intersección coa rúa Alvaro Cunqueiro”.

A tales efectos o contido da solicitude formula que *dende o Concello non existen instrumentos legais para a aplicación da ordenanza reguladora da ocupación da vía pública con mesas, cadeiras e outros elementos móbiles naquelas vías da cal non é titular. (...) é unha vía de titularidade da Deputación Provincial de Lugo, denominada LU-P-3301, que arranca en pleno casco urbano dende a intersección coa Avenida de Lugo, (...) este tramo que se solicita é completamente urbano.*

Baixo o CSV IV7XVWT5NY6L37V2WBYNAAZQAI o Servizo Provincial de Vías e Obras informa o 20.03.2024 que, da documentación aportada polo Concello, o treito solicitado se identifica na estrada provincial LU-P-3301 conta cunha lonxitude de 13.668,00 m. O tramo solicitado sitúase no inicio da estrada, situada no núcleo urbano de Monterroso, desde o pq 0+000 ata o pq 0+210 e se atopa íntegramente nese termo municipal. Presenta un firme asfaltado con mezclas bituminosas en quente. Conta con beirarrúas e aparcamento en ambas marxes . O estado xeral da estrada é bo.

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	Fecha y Hora	16/04/2024 10:55:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	Página	16/41







Tendo en conta que a lexislación sectorial está presidida pola Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e polo Regulamento xeral de estradas de Galicia aprobado por Decreto 66/2016 do 26 de maio coa modificación contida no Decreto 51/2023 de 11 de mayo.

Tendo en conta que o cambio de titularidade poderá comprender estradas ou tramos de éstas que se realizará conforme o teor do artigo 9.4 da citada Lei: *“Los cambios de titularidad de carreteras o de tramos de éstas, cuando no se trate de travesías urbanas o tramos de éstas que estén incluidos en el inventario de travesías de su administración titular, deberán ser aprobados por decreto de la Xunta de Galicia, a propuesta de la consejería competente en materia de carreteras y previo acuerdo entre las administraciones afectadas”.*

Ademais o seu número 6 dispón que *“Las resoluciones o los decretos por los que se aprueben los cambios de titularidad de las carreteras objeto de esta ley deberán ser publicados en el Diario Oficial de Galicia y serán efectivos al día siguiente de su publicación en aquél.”*


Así mesmo, e en relación ao procedemento para o cambio de titularidade das estradas, o Decreto 66/2016 de 26 de maio do Regulamento xeral de estradas de Galicia esixe no seu artigo 18.11: *“Los cambios de titularidad de tramos de carreteras a favor de administraciones de menor ámbito territorial solo se llevarán a cabo cuando se trate de tramos terminales o cuando no impliquen la interrupción de ninguno de los itinerarios de los que forme parte sin que exista una alternativa viaria, existente o planificada, para todos ellos, que proporcione un nivel de servicio al menos equivalente.”*

Consta no expediente o citado informe favorable do Servizo de Vías e Obras concordado polo Deputado Delegado do Servizo de Vías e Obras de data 20.03.2024 que, acompañado da súa planimetría, conclúe este Servizo de Vías e Obras considera que o tramo da estrada: *o tramo da LU-P-3301, comprendido entre as coordenadas UTM29 ETRS89 X= 595419 Y= 4738438 (pq 0+000) e X= 595514 Y= 4738611 (pq 0+210), que discorre íntegramente polo termo municipal de Monterroso, é susceptible de cesión de titularidade.*

É polo que este Servizo de Vías e Obras informa favorablemente o cambio de titularidade ao Concello de Monterroso do tramo antes indicado da estrada provincial LU-P-3301 “Monterroso (N-640)-Marco (N-547)”, entre o pq 0+000 e o pq 0+210.

Baixo o CSV IV7XVXPDKANJQW5TS4UAKVTCBY consta no expediente informe favorable da Secretaría Xeral de 21.03.2024 o presente procedemento relativo á solicitude de cambio de titularidade da estrada provincial mencionada a favor do

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	Fecha y Hora	16/04/2024 10:55:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	Página	17/41



Concello solicitante que conta coa conformidade da Intervención segundo o contido dos artigos 54 do RDL 781/86 de 18 de abril e 173 do RD 2568/86 de 28 de novembro, en relación co artigo 47.2.ñ) da Lei 7/85 de 2 de abril, ademais do establecido nos artigos 3 e 4 do RD 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación Nacional.


Terase en conta que por imperativo legal, contido no nº 4 do artigo 9 da referida Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, o pretendido cambio de titularidade aprobarase por Decreto da Xunta de Galicia previo acordo das administracións afectadas, a cuxos efectos darase conta do acordo plenario provincial ao Concello interesado para a súa aceptación, se procedese. Os citados acordos remitiranse á Consellería competente en materia de estradas para a súa proposta de aprobación. A resolución ou decreto polo que se aprobe o cambio de titularidade das estradas deberán ser publicados no DOG e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación (nº 6 do citado artigo 9).


Unha vez aprobado o cambio de titularidade formalizarase mediante acta de entrega suscrita entre as administracións interesadas segundo a esixencia expresada no artigo 18 números 6, 7 e 8 do Decreto 66/2016 do Regulamento xeral de estradas de Galicia.

De conformidade ao exposto e en aplicación do nº 23 do artigo 57 do noso Regulamento Orgánico proponse ao pleno:

**Primeiro.** Aprobar o cambio de titularidade a favor do concello de Monterroso do tramo da estrada provincial LU-P-3301 “Monterroso (N-640)-Marco (N-547)”, entre o pq 0+000 e o pq 0+210 e que se corresponde coa seguinte representación gráfica:

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	Fecha y Hora	16/04/2024 10:55:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	Página	18/41





**Segundo.** Remitir este acordo ao Concello de Monterroso para a súa aceptación polo Pleno Municipal.

**Terceiro.** Someter á aprobación da Xunta de Galicia o cambio de titularidad do referido tramo de estrada provincial”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda informar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240326&punto=7>

**7.- PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TRAMO DA VÍA PROVINCIAL LU-P-3907 A FAVOR DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.**

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	Fecha y Hora	16/04/2024 10:55:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	Página	19/41



Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta do señor deputado delegado do Servizo de Vías e Obras, do seguinte teor:

“O Concello de Outeiro de Rei presenta no rexistro provincial 11.03.2024 solicitude asinada polo seu Alcalde de cesión dun treito de estrada provincial LU-P-03907 desde o seu inicio na LU-P-3906, no seu límite co termo municipal de Lugo, e cunha lonxitude aproximada de 2.245 m.

A formulación desta solicitude incide no feito de que o dito tramo discorre polo núcleo rural de Mosteiro e que este núcleo rural experimentou un elevado crecemento urbanístico nestes últimos anos (...) que converte a estrada do interior do núcleo en vía de acceso e saída de vehículos dos seus habitantes e dos usuarios do centro deportivo D10 que situado ao borde da estrada neste núcleo multiplica así mesmo os desprazamentos dentro do núcleo. Así mesmo expresa que o Concello de Outeiro de Rei ten que prover de servizos a estas vivendas, levando ata elas a auga, a iluminación. Así mesmo as empresas subministradoras de enerxía eléctrica, telefonía e fibra requiren do uso da estrada para alcanzar a fornecer a estas vivendas. Por todo iso, co fin de simplificar o acceso aos servizos públicos e minimizar os trámites administrativos que afectan a estes cidadáns por atoparse ao pé dunha vía provincia

Baixo o CSV IV7XVWZOZN5ITD5SWBUN4BEGU o Servizo Provincial de Vías e Obras informa o 21.03.2024 que, da documentación aportada polo Concello e tendo en conta o Catálogo da Rede Viaria Provincial, o treito interesado se corresponde coa *estrada LU-P-3907 conta cunha lonxitude de 8.890,00 m. Está dividida en dous tramos, o primeiro entre os pq 0+000 e 3+165, entre as estradas provinciais LU-P-1109 e LU-P-3906, e o segundo entre os pq 3+165 e 8+890, que se inicia na LU-P- 3906 e chega ata o Ceao. O tramo solicitado sitúase no inicio do segundo tramo, desde o pq 3+165 ata o pq 5+510 e se atopa íntegramente no termo municipal de Outeiro de Rei. Presenta un firme asfaltado con mezclas bituminosas en quente. O estado xeral da estrada é bo,*

Tendo en conta que a lexislación sectorial está presidida pola Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e polo Regulamento xeral de estradas de Galicia aprobado por Decreto 66/2016 do 26 de maio coa modificación contida no Decreto 51/2023 de 11 de mayo.

Tendo en conta que o cambio de titularidade poderá comprender estradas ou tramos de éstas que se realizará conforme o teor do artigo 9.4 da citada Lei: *“Los cambios de titularidad de carreteras o de tramos de éstas, cuando no se trate de travesías urbanas o tramos de éstas que estén incluidos en el inventario de travesías de su administración titular, deberán ser aprobados por decreto de la Xunta de Galicia, a propuesta de la consejería competente en materia de carreteras y previo acuerdo entre las administraciones afectadas”.*

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	Fecha y Hora	16/04/2024 10:55:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	Página	20/41





Ademais o seu número 6 dispón que *“Las resoluciones o los decretos por los que se aprueben los cambios de titularidad de las carreteras objeto de esta ley deberán ser publicados en el Diario Oficial de Galicia y serán efectivos al día siguiente de su publicación en aquél.”*

Así mesmo, e en relación ao procedemento para o cambio de titularidade das estradas, o Decreto 66/2016 de 26 de maio do Regulamento xeral de estradas de Galicia esixe no seu artigo 18.11: *“Los cambios de titularidad de tramos de carreteras a favor de administraciones de menor ámbito territorial solo se llevarán a cabo cuando se trate de tramos terminales o cuando no impliquen la interrupción de ninguno de los itinerarios de los que forme parte sin que exista una alternativa viaria, existente o planificada, para todos ellos, que proporcione un nivel de servicio al menos equivalente.”*

Consta no expediente o citado informe favorable do Servizo de Vías e Obras concordado polo Deputado Delegado do Servizo de Vías e Obras de data 21.03.2024 que, acompañado da súa planimetría, conclúe este Servizo de Vías e Obras considera que dado que o tramo da estrada solicitado é un tramo terminal, e que o dito tramo da LU-P-3907, comprendido entre as coordenadas UTM29 ETRS89 X=618702 Y=4772267 (pq 3+165) e X=618072 Y=4770285 (pq 5+510), cunha lonxitude de 2.345,00 m. , discorre íntegramente polo termo municipal de Outeiro de Rei, é susceptible de cesión de titularidade.

Baixo o CSV IV7XWSLSDVR4TG6L2MMA4JA74U consta no expediente informe favorable da Secretaría Xeral de 21.03.2024 o presente procedemento relativo á solicitude de cambio de titularidade da estrada provincial mencionada a favor do Concello solicitante que conta coa conformidade da Intervención segundo o contido dos artigos 54 do RDL 781/86 de 18 de abril e 173 do RD 2568/86 de 28 de novembro, en relación co artigo 47.2.ñ da Lei 7/85 de 2 de abril, ademais do establecido nos artigos 3 e 4 do RD 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación Nacional.

Terase en conta que por imperativo legal, contido no nº 4 do artigo 9 da referida Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, o pretendido cambio de titularidade aprobarase por Decreto da Xunta de Galicia previo acordo das administracións afectadas, a cuxos efectos darase conta do acordo plenario provincial ao Concello interesado para a súa aceptación, se procedese. Os citados acordos remitiranse á Consellería competente en materia de estradas para a súa proposta de aprobación. A resolución ou decreto polo que se aprobe o cambio de titularidade das estradas deberán ser publicados no DOG e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación (nº 6 do citado artigo 9).


Unha vez aprobado o cambio de titularidade formalizarase mediante acta de entrega subscribida entre as administracións interesadas segundo a esixencia expresada no artigo 18 números 6, 7 e 8 do Decreto 66/2016 do Regulamento xeral de estradas de Galicia:

De conformidade ao exposto e en aplicación do nº 23 do artigo 57 do noso Regulamento Orgánico propónse ao pleno:

**Primeiro.** Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Outeiro de Rei Concello de Outeiro de Rei do tramo da estrada provincial LU-P-3907 “Arcos (LU-P-1109) - Vilar - Ceao”, entre o pq 3+165 e o pq 5+510. cunha lonxitude de 2.345,00 m. e que se corresponde coa seguinte representación gráfica:

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	Fecha y Hora	16/04/2024 10:55:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	Página	21/41





**Segundo.** Remitir este acordo ao Concello de Outeiro de Rei para a súa aceptación polo Pleno Municipal.

**Terceiro.** Someter á aprobación da Xunta de Galicia o cambio de titularidad do referido tramo de estrada provincial”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240326&punto=8>

--oo0oo--

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	<b>Fecha y Hora</b>	16/04/2024 10:55:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	<b>Página</b>	22/41





## 8.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA GARANTIR O FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E ADAPTALO ÁS NECESIDADES PRESENTES E FUTURAS.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta de Goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno para garantir o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) e adaptalo ás necesidades presentes e futuras.

### *Exposición de Motivos:*

O SAF representa máis do 33% das prestacións asignadas a través do Sistema para a Autonomía e atención á dependencia en Galiza, 14 puntos por riba da media estatal, é o piar sobre o que se sostén unha gran parte da poboación, entre dependentes usuarios e familias cuidadoras.


Este foi un dos dereitos incluídos na Lei de dependencia e foi concibido como un servizo de titularidade pública e de xestión municipal. O financiamento deste servizo foi contemplado a partes iguais entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas, admitíndose un copago das persoas beneficiarias en función da renda e patrimonio.

Despois da entrada en vigor da Ley 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local (LRSAL) o artigo 25.2 da LRBRL xa non inclúe a prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social entre as materias sobre as que os municipios exercerán competencias propias, en cambio, considérase materia de competencia propia municipal a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

En 2021 a FEGAMP e a Xunta asinan un convenio en relación a melloras nas prestacións e financiamento do SAF do que actualmente só se está cumprindo un punto, sen ter en conta os compromisos que figuran no convenio, como a creación dun grupo de traballo conxunto entre as tres administracións, tal e como demandan os concellos galegos, co fin de abordar o financiamento do SAF e garantir, no inmediato, a sustentabilidade económica do sistema.

O incremento dos usuarios do SAF nos últimos anos é un reto económico para os concellos e así se manifestou no informe da FEGAMP que establecía que os concellos asumían un déficit

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	Fecha y Hora	16/04/2024 10:55:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	Página	23/41



de 624 millóns de €, asumindo o custo da prestación de servizos, nomeadamente en materia de benestar, de servizos que non lles competen e que foi ignorado pola Xunta.

Por todo o exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos e de dar traslado aos mesmos.

**1º.-** Solicitar á Xunta de Galiza e á Administración Xeral do Estado o financiamento íntegro de servizos como o SAF, que segundo a lei, son servizos de competencia non municipal e que só poden estar xestionados de forma delegada atendendo ao principio de equilibrio financeiro.

**2º.-** Solicitar á Xunta de Galiza a creación da comisión mixta Xunta – FEGAMP, para avaliar as condicións nas que se está prestando o servizo na actualidade e adoptar as medidas necesarias para estandarizalo.

**3º.-** Trasladar estes acordos á Consellería de Política Social, Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e ao Ministerio de Derechos Sociais”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.


Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións , 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240326&punto=9>

## **9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, RECLAMANDO Á XUNTA MEDIDAS PARA AXILIZAR AS OBRAS DE DESDOBRAMENTO DO CORREDOR NADELA-MONFORTE.**

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	<b>Fecha y Hora</b>	16/04/2024 10:55:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	<b>Página</b>	24/41







“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista, a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta medidas para axilizar as obras de desdoblamento do Corredor Nadela-Monforte.

Cun tránsito de máis de 11.000 vehículos diarios, a vella estrada LU-546 era unha das máis transitadas e perigosas da nosa provincia, pola súa densidade de tráfico e o paso por núcleos de poboación. Por iso, entre o ano 2008 e 2015, as sucesivas administracións autonómicas levaron adiante as obras do CG-2.2, o coñecido como o corredor Nadela-Monforte, que supuxo crear unha vía de altas prestacións fundamental para a mobilidade da nosa provincia.


Dende un primeiro momento quedou claro que o corredor precisaba, para garantir a seguridade e mellorar aínda máis o tráfico, do seu desdoblamento para se converter en autovía. Pero esta demanda social unánime dos lucenses, referendada por varios acordos tamén unánimes no Parlamento de Galicia, ven topando cos atrancos e atrasos cos que a Xunta está a desenvolver o proxecto.

A primeira licitación, entre A Pobra e Sarria non se realizou ata o ano 2017. E pasaron cinco anos ata que fosen inaugurados os primeiros 9,7 km, máis os 1,2 km dos enlaces centro e norte de Lugo. E non foi ata ese ano 2022 cando se procedeu a licitar o tramo de 16 km. entre Nadela e A Pobra. Unha obra que a Xunta non ten previsto inaugurar ata os inicios de 2026. E aínda nesa data estará pendente de realizar máis da metade do trazado total de 54km. Un atraso que prexudica a mobilidade nun eixo de comunicación fundamental na nosa provincia tanto para a mobilidade das persoas como para o tráfico de mercadorías.

No ano 2019, o deputado socialista Luis Alvarez lamentaba no Parlamento Galego a decisión da Xunta de ir desdoblando “a trociños” en lugar de encarar o proxecto no seu conxunto para axilizalo. O tempo veu darlle a razón e na provincia vemos como a autovía AG-22 se suma ó conxunto de infraestruturas en estado eterno de promesas, obras ou proxecto, pero que non se chegan nunca a concluír. Como é o caso da ronda Leste, o Porto Seco de Monforte ou a VAC Costa Norte.

A aposta pola modernización das infraestruturas da nosa provincia é un obxectivo fundamental para o Grupo Provincial Socialista. Entendemos que só apostando pola mobilidade, os servizos públicos e a economía poderemos acadar un

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	Fecha y Hora	16/04/2024 10:55:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	Página	25/41



desenvolvemento sostible que garanta as oportunidades no rural e un equilibrio territorial.

Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta:

Executar a obra do desdoblamento da totalidade do trazado do corredor Nadela-Monforte para que a provincia de Lugo teña en servizo o antes posible a AG-22 en cumprimento do acordo unánime do Parlamento de Galicia”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Ante esta moción por parte do Grupo Provincial Popular preséntase unha emenda de engádega, do seguinte teor:

“Emenda de engádega relativa á moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta medidas para axilizar as obras de desdoblamento do corredor Nadela-Monforte.

O Grupo Provincial Popular propón engadir á proposta de acordo formulada un segundo punto co seguinte texto:

2. Reclamar ao Goberno de España que nas vindeiras anualidades comprometa investimento para a provincia de Lugo co obxectivo de desbloquear e avanzar nas obras das infraestruturas estatais fundamentais para garantir as comunicacións, a competitividade e o desenvolvemento da mesma a través de:


- a conexión da provincia de Lugo coa Alta Velocidade recuperando os proxectos das variantes dos Peares-Canaval e Rubián, a modernización das infraestruturas das liñas ferroviarias, o impulso do FEVE e a recuperación das frecuencias previas á pandemia.

- a mellora da liña Lugo-A Coruña e a súa integración no Corredor de Mercadorías do Atlántico.

- a reconstrución completa do viaduto da A-6.

- o impulso de xeito decidido das obras das autovías A-54 (Lugo-Santiago), A-56 (Lugo-Ourense), A-74 (autovía da Mariña) e A-76 (Ponferrada –Ourense).

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	Fecha y Hora	16/04/2024 10:55:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	Página	26/41





- o adecuado mantemento das infraestruturas de titularidade estatal que transcorren pola provincia de Lugo, como poden ser as autovías A-6 e A-8, a estradas nacionais N-540, N-640, N-VI, N-642, N-634 ou N - 120, entre outras, que garanta a seguridade dos usuarios das mesmas.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á moción presentada.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240326&punto=10>

**10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA MEDIDAS PARA AXILIZAR AS OBRAS DA ESTRADA LU-651 E UN PLAN DE PRESERVACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO DAS MINAS DE ANTIMONIO DE SANTA EUFEMIA EN FOLGOSO DO COUREL.**

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:


“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta medidas para axilizar as obras da estrada LU-651 e un Plan de preservación e posta en valor do patrimonio das minas de antimonio de Santa Eufemia en Folgoso do Courel.

A lentitude e a falla de planificación da Xunta de Galicia está a demorar a solución dos problemas xerados polo afundimento, en marzo de 2022, dunha pequena parte da estrada LU-651 ó seu paso por Folgoso do Courel. O desinterese da Xunta foi evidente dende o primeiro momento, vistos os xenerosos prazos de execución que a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, se concedía a sí mesma neste tema, mentres lle reclamaba premura a outras administracións para resolver cuestións de mobilidade moito máis complexas.

Despois de dous anos sufrindo as molestias e a inseguridade derivada da situación desta vía e do desvío provisional habilitado, os veciños e veciñas do Courel comprobaron estes días que, non contenta con dificultar a súa mobilidade e mantelos illados, a Xunta quere aproveitar a realización das obras na LU-651 para arrasar parte do patrimonio industrial, cultural e arqueolóxico da provincia. Porque o plan

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	Fecha y Hora	16/04/2024 10:55:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	Página	27/41



presentado para realizar as obras dos 840 metros que é preciso reconstruir contempla utilizar como escombreira da obra as antigas minas de antimonio de Santa Eufemia, que deixaron de estar en explotación a mediados do século XX.


Como teñen denunciado os veciños e veciñas, as minas contan con galerías, hornos de cal e incluso vagonetas. E posiblemente nas galerías se atopan poboacións de morcegos, ademáis do valor xeolóxico dunha zona que se sitúa nas estribacións do Xeoparque do Courel. Un patrimonio que cumpre protexer e preservar, e que mesmo é susceptible de ser obxecto de aproveitamento para xerar produtos de turismo sostible. O exemplo do feito pola Deputación e o concello da Pontenova ca tirolina situada nas vellas minas Consuelo e Boulloso é un exemplo que a Xunta podería ter en conta.

Lamentablemente, o que pode acontecer no Courel é un exemplo máis do desinterese da Xunta de Galicia polo noso rural. Un rural ó que non importa deixar illado cando afunde unha estrada. Un rural que non se coñece ou se despreza, cando se contempla empregar como escombreira, isto é, como basureiro, unha parte do noso patrimonio. O Grupo Provincial Socialista non vai deixar nunca de facer súas as reclamacións do rural e a defensa do noso patrimonio histórico, natural e cultural. O turismo vencellado ó traballo nas minas está contando cunha grande aceptación, en España e en toda Europa, e sería lamentable que a preguiza e a falla de ideas do goberno galego e da consellería de Infraestruturas privase ó Courel, e ó conxunto da provincia, dun ben con enorme potencialidade. Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta:

- Medidas urxentes para axilizar e rematar canto antes as obras de reconstrución da estrada LU-651, que nunca deberían terse retrasado como o fixeron.
- Un plan de estudo, recuperación e posta en valor das minas de antimonio de Santa Eufemia, que teña en conta o seu patrimonio natural e histórico e que sirva de base para avanzar no seu aproveitamento como recurso turístico da nosa provincia”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	Fecha y Hora	16/04/2024 10:55:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	Página	28/41





Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240326&punto=11>

## 11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN DEFENSA DOS SERVIZOS FERROVIARIOS DA PROVINCIA.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:


“En relación con esta moción, o voceiro do Grupo Provincial do BNG presenta unha corrección á inicialmente presentada, consistente en engadir un punto mais aos propostos, quedando o texto da mesma como segue:

“O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción en defensa dos servizos ferroviarios da provincia

### *Exposición de Motivos:*

Dende o BNG levamos moito tempo reclamando uns servizos ferroviarios útiles para as galegas e galegos. A cidade e a provincia de Lugo ten que deixar de estar marxinada en materia de infraestruturas ferroviarias e é preciso poñer a Lugo no mapa e comunicar á nosa veciñanza.

	IV7XRS7JJYBPVFBQI5AFYXOA	Fecha y Hora	16/04/2024 10:55:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBQI5AFYXOA</a>	Página	29/41



Coa chegada da pandemia reducíronse servizos da xa escasa oferta da que dispoñíamos para desprazarse ao resto do estado. Nunca se recuperaron e non parece haber vontade de que isto suceda. Lugo continúa con menos servizos que antes do inicio da pandemia, cando se eliminaron servizos como o do tren nocturno de Lugo a Barcelona. RENFE deixou de vender billetes para a conexión diúrna entre Lugo e Barcelona, dado que a conexión necesaria en Monforte sae ás 9:52 da mañá, pero o tren de Lugo a Monforte chega ás 9:54. A viaxe entre Lugo e León, uns 200 km de vía, eliminouse, facendo que a propia web de RENFE propoña facer transbordo en Madrid, converténdoa nunha viaxe de 800Km, e eliminando as conexións con Cataluña e Euskadi.

Unha infraestrutura anticuada e fallos constantes son a realidade ferroviaria actual en Lugo. A Xunta debe implicarse na xestión das cercanías ferroviarias, do mesmo xeito que fan os gobernos doutras zonas do estado. O obxectivo é enlazar os principais núcleos de poboación arredor das cidades e conectar entre sí as cidades que carecen na actualidade deste servizo, como Lugo e Compostela, un auténtico servizo público que sexa útil para as galegas e galegos.

Para o BNG, Galiza sofre unha evidente e histórica discriminación en canto a investimentos por parte do goberno central en materia ferroviaria, o que se traduce nun déficit en infraestruturas, equipamentos e servizos. A chegada do AVE a Galiza, con case 30 anos de atraso non supuxo melloras nas conexións de Lugo co resto de cidades galegas. No tocante ás conexións dentro de Galiza, Lugo é a única cidade que non ten conexión directa por tren coa capital do país, un agravio que se resolvería cunha obra de 27 quilómetros de vía para conectar as paradas de Curtis e Ordes creando unha traxecto directo desde Lugo a Compostela.

Para facer fronte a esta situación, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galiza á creación dun ente público de xestión ferroviaria e reclamar as competencias en materia ferroviaria recoñecidas no estatuto de autonomía.
2. Instar ó goberno do Estado a axilizar as obras de modernización e electrificación das conexións Lugo - Ourense e Lugo - A Coruña.
3. Instar ó goberno central a iniciar os estudos para unir Lugo con Santiago de Compostela a través da variante Curtis - Ordes.
4. Instar ó goberno central a que faga as xestións precisas para recuperar os servizos perdidos nos últimos anos.
5. Instar ao goberno do Estado á remodelación da liña de FEVE, para acabar cos retrasos e incidencias, convertíndoa nun servizo de cercanías real e efectivo”.

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	Fecha y Hora	16/04/2024 10:55:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	Página	30/41





A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Ante esta moción por parte do Grupo Provincial Popular preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:

“Emenda de substitución relativa á moción do Grupo Provincial do BNG en defensa dos servizos ferroviarios da provincia.

O Grupo Provincial Popular propón substituír o primeiro punto do acordo polo seguinte:

1. Reclamar ao Goberno de España que nas vindeiras anualidades comprometa investimento para a provincia de Lugo co obxectivo de desbloquear e avanzar nas obras das infraestruturas estatais fundamentais para garantir as comunicacións, a competitividade e o desenvolvemento da mesma a través de:

- a conexión da provincia de Lugo coa Alta Velocidade recuperando os proxectos das variantes dos Peares-Canaval e Rubián e a modernización das infraestruturas das liñas ferroviarias.

- a integración da liña Lugo – A Coruña no Corredor de Mercadorías do Atlántico.


- a reconstrución completa do viaduto da A-6.

- o impulso de xeito decidido das obras das autovías A-54 (Lugo-Santiago), A-56 (Lugo-Ourense), A-74 (autovía da Mariña) e A-76 (Ponferrada –Ourense).

- o adecuado mantemento das infraestruturas de titularidade estatal que transcorren pola provincia de Lugo, como poden ser as autovías A-6 e A-8, a estradas nacionais N-540, N-640, N-VI, N-642, N-634 ou N – 120, entre outras, que garanta a seguridade dos usuarios das mesmas”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular).

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	Fecha y Hora	16/04/2024 10:55:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	Página	31/41



Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240326&punto=12>

## **12.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR DE APOIO Á IMPLANTACIÓN DA FÁBRICA DE FIBRAS TÉXTILES EN PALAS DE REI.**

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular, do seguinte teor:


“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular de apoio á implantación da fábrica de fibras téxtiles en Palas de Rei.

### *Exposición de Motivos:*

A multinacional portuguesa Altri pretende desenvolver o proxecto da primeira biofábrica de fibras téxtiles en España a base de celulosa en Palas de Rei. Concretamente na Finca de Quintas, na Vacariza, que pertence á parroquia de Remonde.

O Consello da Xunta declarou este proxecto industrial como estratéxico en decembro do 2022 e, despois de recibir a documentación necesaria, a Administración autonómica vén de someter a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada, o estudo de impacto ambiental e a declaración de utilidade pública.

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	Fecha y Hora	16/04/2024 10:55:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	Página	32/41







Este proxecto supón un investimento duns 1.000 millóns de euros, a xeración de 4.000 empregos durante a súa construción e 2.500 postos de traballo para a súa posta en funcionamento.

A este proxecto engadiríanse outras iniciativas auxiliares que contribuirían a xerar máis actividade económica na zona impulsando o interior da provincia e favorecendo o asentamento de poboación na comarca.

O proxecto é unha oportunidade para o desenvolvemento industrial na provincia, favorece o desenvolvemento da cadea de valor do sector forestal e enmárcase dentro dos obxectivos de descarbonización.

Unha iniciativa desta envergadura precisa o apoio de tódalas administracións. A Xunta de Galicia xa ten manifestado a súa vontade de ofrecer facilidades a este e outros proxectos empresariais que se queiran asentar en Galicia cumprindo estritamente coa lei.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte Proposta de acordo:


O Pleno da Deputación Provincial de Lugo apoia a implantación da iniciativa empresarial de Altri para o asentamento da futura fábrica de fibras téxtiles en Palas de Rei, sempre garantindo o cumprimento de toda a normativa medioambiental, técnica e demais que sexa de aplicación”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do señor Presidente D. José Tomé Roca, e dos señores Deputados don Pablo Rivera Capón, dona M<sup>a</sup>. del Carmen López Moreno e dona Marisol Morandeira Morandeira, membros do Grupo Provincial Socialista, e do señor Deputado D. Daniel García Fernández, membro do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular): votos en contra, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	Fecha y Hora	16/04/2024 10:55:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	Página	33/41



Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular): votos en contra, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda rexeitar á moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240326&punto=13>

### **13.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA QUE A DEPUTACIÓN DE LUGO CEDA AO CREAGA AS DEPENDENCIAS E TERREOS EN DESUSO DO PAZO DE TOR.**

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para que a Deputación de Lugo ceda ao CREAGA as dependencias e terreos en desuso do Pazo de Tor


#### *Exposición de Motivos:*

O Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) mantén a súa sede principal en Monforte de Lemos practicamente dende a súa creación no ano 1997.

A súa actividade incrementouse nos últimos anos de forma paralela ao incremento do número de vendas dos produtos ecolóxicos certificados por este organismo, que é a autoridade de control dos produtos agroalimentarios ecolóxicos na nosa comunidade. A súa sede actual atópase no edificio multiusos que é de titularidade municipal, pero as instalacións fánelle pequenas.

Para dar resposta á necesidade de trasladarse a outras instalacións, o anterior presidente da Deputación de Lugo, Darío Campos, propoñía no 2017 o Pazo de Tor situado tamén en Monforte de Lemos e con arredor de 200 hectáreas en desuso. Pero nos dous últimos mandatos baixo a presidencia de José Tomé, tamén alcalde de Monforte de Lemos, este compromiso non frutificou.

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	Fecha y Hora	16/04/2024 10:55:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	Página	34/41





Ante esta situación, o Consello Regulador busca unha alternativa coa que garantir un adecuado e comfortable espazo de traballo para os seus traballadores e traballadoras. E a comezos deste mes de marzo, os seus integrantes acordaban en Pleno exercer a reserva de compra dun local na cidade de Lugo para trasladar a sede á capital provincial.

Os representantes do CRAEGA sosteñen que a súa sede permanecería na cidade do Cabe se leva a cabo o proxecto para instalarse nas dependencias e terreos do Pazo de Tor que actualmente se atopan en desuso.

Así o confirmaron tamén durante un encontro de traballo para coñecer máis de preto as súas necesidades e os seus proxectos no que participaron membros do Grupo Provincial Popular e do Grupo Municipal Popular de Monforte que se puxeron a disposición do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, do Concello de Monforte e da Deputación de Lugo para conseguir que a sede do CRAEGA continúe na cidade monfortina.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Rural, apoia a petición do CRAEGA para o seu traslado ao Pazo de Tor e ofrece plena colaboración institucional tanto ao Consello Regulador coma o Concello de Monforte de Lemos e a Deputación de Lugo. Así mesmo, ten ofrecido á autoridade de control dos produtos agroalimentarios ecolóxicos de Galicia as instalacións do Centro de Formación e Experimentación Agraria (CFEA) de Monforte de Lemos e volve ofrecelas para completar o seu proxecto.


O propio organismo ten a vontade de quedarse en Monforte e incluso conta cun modelo interesante para a xestión de tódolos recursos infrautilizados do Pazo de Tor poñendo a producir os terreos de actualmente están en desuso e dotando de actividade á parte do inmovible que na actualidade permanece pechado.

A Deputación de Lugo como institución provincial debe contribuír ao equilibrio territorial e, neste caso, ao mantemento do CRAEGA na zona sur da provincia. Debería ser unha obriga para a Deputación de Lugo poñer as instalacións provinciais a disposición dos cidadáns para xerar riqueza para a provincia.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

A Deputación de Lugo inicie o procedemento administrativo para negociar a cesión ao CRAEGA das dependencias e terreos actualmente en desuso no Pazo de Tor no menor prazo posible co obxectivo de que manteña a súa sede principal na cidade de Monforte de Lemos”.

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	Fecha y Hora	16/04/2024 10:55:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	Página	35/41



A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do señor Presidente D. José Tomé Roca, e dos señores Deputados don Pablo Rivera Capón, dona M<sup>a</sup>. del Carmen López Moreno e dona Marisol Morandeira Morandeira, membros do Grupo Provincial Socialista, e do señor Deputado D. Daniel García Fernández, membro do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular): votos en contra, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular): votos en contra, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda rexeitar á moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240326&punto=14>

--oo0oo--

### **PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION**

#### **14.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 15 DO PRESENTE MES DE MARZO, DE ATRIBUCIÓN DA DELEGACIÓN DA ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS Á DEPUTADA PROVINCIAL DONA M<sup>a</sup>. DEL CARMEN LÓPEZ MORENO.**

Dáse conta da Resolución da Presidencia de data 15 do presente mes de marzo, de atribución da delegación da Área de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas á Deputada Provincial dona M<sup>a</sup>. del Carmen López Moreno. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240326&punto=15>

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	<b>Fecha y Hora</b>	16/04/2024 10:55:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	<b>Página</b>	36/41





**15.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2023**

O Pleno da Corporación queda enterado da liquidación do Orzamento de 2023.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240326&punto=16>

**16.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO ARTIGO 218 DO R.D. 2/2004 DE 5 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS DO ANO 2023.**

Dáse conta do informe do artigo 218 do RD 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas locais do ano 2023. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240326&punto=17>

**17.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME ANUAL DE INTERVENCIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS PAGOS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA DO EXERCICIO 2023.**

O Pleno da Corporación queda enterado do informe anual de Intervención das contas xustificativas dos pagos a xustificar e anticipos de Caixa fixa do exercicio 2023.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240326&punto=18>

**18.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao vinte e nove de febreiro de dous mil vinte e catro, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 0336 ao 0834. O Pleno da Corporación queda enterado.


<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240326&punto=19>

**19.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Pola Presidencia comunícase ao Pleno o seguinte:

“Esta comunicación faise para informar ó señor Ameijide que no último Pleno falou de que aquí arreglábamos as carreteras dun xeito desigual; pois levamos investidos dende que eu son Presidente ata este ano 34.641.953,05 euros; dos cales, en concellos do PP foron investidos 15.179.201,09 euros, en concellos do Partido Socialista

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	Fecha y Hora	16/04/2024 10:55:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	Página	37/41



15.585.550,32 euros, en concellos do BNG 2.657.110,07 euros, e en concellos independentes 1.220.091,57 euros”.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240326&punto=20>

## 20.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Presidente manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

### ROGOS

**Primeiro.-** Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo a LU-P-0203 e á LU-P-0207, que di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

No municipio de Alfoz, concretamente na estrada provincial LU-P-0203, hai unha ponte que presenta unha deficiencia importante como é a falta de apoio dun dos seus piares.

Este piar non apoia no leito do río, polo que sería convinte unha intervención no mesmo para garantir a estabilidade desta infraestrutura pola que a diario pasan centos de condutores e peóns.


Tamén sería convinte estudar a posibilidade de anhear dita ponte. Na actualidade é imposible que pasen dous vehículos ao mesmo tempo, tendo incluso dificultades para circular vehículos de grandes dimensións, como camións ou maquinaria agrícola.

Incluso danse situacións de perigo cando coinciden ao mesmo tempo peóns e vehículos pola devandita ponte.

Na estrada LU-P-0207 tamén hai outras dúas pontes que sería preciso ensanchar polo mesmo motivo, as dificultades de paso cando coinciden dous vehículos ao mesmo tempo ou cando hai peóns na vía.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno da Deputación de Lugo que estude o arranxo do piar desta ponte para garantir totalmente a súa estabilidade e a posibilidade de aumentar o ancho para garantir o paso seguro de

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	Fecha y Hora	16/04/2024 10:55:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	Página	38/41





vehículos e peóns na LU-P-0203 e aumentar o ancho das dúas pontes que hai na estrada LU-P-0207 sobre o río Ouro.

**Segundo.-** Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo a habilitar un espazo seguro para os usuarios da parada de bus na estrada LU-P2902, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

Na parroquia luguesa de Santiago de Meilán hai unha parada de bus ao pé da estrada provincial LU-P-2902 que empregan a diario os usuarios do transporte escolar.

Pero na zona non hai marquesiña, nin sequera unha plataforma de formigón para identificar o punto e para que os rapaces e rapazas poidan agardar o autobús de forma segura; senón que teñen que agardar ao pé da estrada.

O perigo aumenta porque se trata dunha zona con cambio de rasante, na que están colocados varios contedores do lixo que reducen a visibilidade e que rexistra un importante volume de tráfico á hora de esperar o bus escolar. Ademais, no inverno chove e acumúlase moito barro na zona que resulta impracticable.

Os veciños e veciñas desta parroquia xa presentaron varios escritos ante esta institución en setembro de 2023 e febreiro de 2024 sen que ata agora obtiveran resposta algunha.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno da Deputación de Lugo que estude habilitar un espazo seguro para os usuarios da parada de bus na estrada LU-P2902, ao seu paso pola parroquia lucense de Santiago de Meilán, para garantir a seguridade dos nenos e nenas que agardan polo transporte escolar.


## PREGUNTAS

**Primeira.-** Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa a recomendación da señora Valedora do Pobo, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

Dous deputados do Grupo Provincial Popular dirixiron un escrito á Valedora do Pobo que admitiu a trámite a queixa formulada o 26 de setembro de 2023 despois de que

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	Fecha y Hora	16/04/2024 10:55:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	Página	39/41



lles fora denegado o acceso ás oficinas dos diferentes servizos oficiais localizadas nos pavillóns 1 e 2 do Antigo Fogar de Santa María (Recadación, Medio Ambiente, Cooperación cos Concellos, Formación e Asesoría Xurídica) e os pavillóns onde se atopan os servizos provinciais de Vías e Obras e Expropiacións, ademais do Centrad, o pasado 1 de agosto de 2023, por parte do persoal de seguridade alegando que, por orde da Presidencia, non se permitiría o acceso aos deputados se non tiñan autorización expresa do presidente da Deputación de Lugo; a pesar de ter formulado comunicación previa.

A este respecto, a Valedora do Pobo vén de emitir a seguinte recomendación:

*“Que se garanta a libre entrada das persoas deputadas provinciais ás dependencias da Deputación de atención directa á cidadanía; e que nas dependencias nas que se desenvolvan tarefas propias da Deputación, pero sen atención directa á cidadanía, se estableza un réxime de acceso cunha sinxela comunicación previa dada no prazo que se indique, de tal forma que o ente provincial poda establecer as garantías organizativas necesarias para o desenvolvemento da visita”.*

A propia Valedora do Pobo indica que privar este acceso aos deputados provinciais significa vulnerar dereitos fundamentais da Constitución Española, concretamente o dereito protexido no artigo 23.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

O señor presidente, José Tomé, vai a deixar de vulnerar dereitos fundamentais dos deputados desta corporación e acatar a recomendación da Valedora do Pobo do 15 de marzo de 2024?”.


**Segunda.-** Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa á vía LU-P-3201, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

É innegable o gran investimento de José Tomé dende a Deputación de Lugo por ter en boas condicións as estradas provinciais ao seu paso por Monforte de onde é alcalde, pero hai moitas eivas que se nega a solucionar a pesar das reiteradas peticións veciñais.

Un exemplo é a mellora da seguridade na estrada provincial LU-P-3201 onde non hai ningún tipo de beirarrúa, polo que obriga a camiñar pola calzada aos peóns, entre os

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	Fecha y Hora	16/04/2024 10:55:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	Página	40/41







que hai moitos rapaces e rapazas que a empregan para ir ou volver dun centro educativo próximo.

Tamén hai unha parada do autobús urbano, pero non hai ningún paso de peóns para cruzar a vía con seguridade nin ningún elemento reductor da velocidade para os vehículos.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Cando ten pensado o goberno provincial dotar á vía LU-P-3201 ao seu paso por Piñeira, no termo municipal de Monforte de Lemos, de elementos para garantir a seguridade de todos os usuarios como demandan os veciños?

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240326&punto=21>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as quince horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**

	IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA	<b>Fecha y Hora</b>	16/04/2024 10:55:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XRS7JJYBPVFBYQI5AFYXOA</a>	<b>Página</b>	41/41

